



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Lingua Galega 1	Código	613G03002	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia céntrase no estudo descritivo e instrumental da lingua galega, así como na elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos e de calquera época.</p> <p>Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo, e integrar o labor académico no noso contexto social e cultural.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textua	A2		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cuestións fonéticas e ortográficas	1.1. Fonética: vocalismo e consonantismo 1.2. Prosodia: fonética sintáctica, acento e entoación 1.3. Ortografía e ortoloxía: usos grafemáticos, acentuación e puntuación



2. Cuestións morfosintácticas	<p>2.1. Clases de palabras: nome, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción</p> <p>2.2. Estruturas morfosintácticas: CD sen preposición a, verbos con suplemento, construcións comparativas, colocación dos clífticos...</p> <p>2.3. Organización da cláusula e da oración. Coordinación, subordinación e bipolaridade. Orde directa e orde inversa</p>
3. Cuestións léxico-semánticas	<p>3.1. O léxico: constitución, degradación e rexeneración. Léxico xeral e léxico especializado</p> <p>3.2. Renovación e enriquecemento do léxico: derivación, composición, neoloxía e préstamo</p> <p>3.3. O significado. Relacións semánticas. Precisión léxico-semántica</p>
4. Tipoloxía textual	<p>4.1. O texto: definición e propiedades</p> <p>4.2. Textos orais, escritos e electrónicos. Textos xurídico-administrativos, científicos, instrutivos, xornalísticos, publicitarios, literarios e conversacionais</p> <p>4.3. Lingua literaria e estilo</p>
5. Elaboración de textos	<p>5.1. Análise, planificación e elaboración de textos</p> <p>5.2. Revisión e presentación de textos</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	18	18	36
Lecturas	0	10	10
Obradoiro	21	21	42
Solución de problemas	0	40	40
Presentación oral	2	4	6
Proba mixta	2	10	12
Atención personalizada	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistras consistirán en aulas fundamentalmente expositivas á volta dos contidos básicos da materia, unhas aulas en que se utilizarán diversos textos de carácter teórico-práctico seleccionados especificamente para facilitar a análise e a comprensión dos contidos.</p> <p>Alén disto, nestas sesións coordinaranse actividades individuais ou grupais, resolveranse as dúbidas a respecto dos contidos propostos e achegarase bibliografía específica para cada tema.</p>
Lecturas	O estudantado deberá realizar, fóra da aula, lecturas puntuais obrigatorias para poder levar a cabo certas actividades propostas (exercicios, debates, comentarios etc.) e atinxir unha boa calidade lingüística.
Obradoiro	<p>Nas sesións de grupo intermedio e reducido, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas ACTIVIDADES PRÁCTICAS sobre temas concretos do temario para asentir os coñecementos adquiridos nas aulas maxistras.</p> <p>A combinación de diferentes modalidades formativas de carácter práctico (exercicios estruturais, estudos de casos e solucións de problemas, análises e correccións de documentos orais e escritos, redaccións, debates, traballo en grupo etc.) permitirá ao alumnado desenvolver eficazmente tarefas relacionadas cos contidos da materia.</p>
Solución de problemas	Como complemento das actividades presenciais, o profesorado solicitará unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS que os/as estudantes deberán realizar en horas non presenciais e entregar nas datas marcadas.
Presentación oral	Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que desenvolver en grupo unha proba oral a partir das actividades orais realizadas nos obradoiros.
Proba mixta	Realizarase unha PROBA ESCRITA final en que se deberán mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Presentación oral Solución de problemas Obradoiro	O profesorado porá á disposición do alumnado dunha atención personalizada coa finalidade de resolver dúbidas e de pautar o seguimento daquelas metodoloxías que o requiriren. Alén disto, o profesorado estará dispoñíbel no horario de atendimento e a través do correo electrónico co fin de resolver as dúbidas que foren aparecendo.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Na 1.ª oportunidade (xaneiro) realizarase unha PROBA MIXTA ESCRITA en que se avaliarán os contidos e as competencias adquiridas na materia (nomeadamente a competencia gramatical e a competencia comunicativa escrita).	50
Presentación oral	Na PRESENTACIÓN ORAL, froito dalgunhas sesións do Obradoiro, avaliarase a competencia comunicativa (comprensión, expresión e interacción orais) do alumnado, así como a correcta execución das tarefas propostas.	5
Solución de problemas	Nas ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais avaliaranse a corrección lingüística, a adecuación, coherencia e cohesión textuais, a competencia comunicativa escrita etc. Estas actividades deberán entregarse nos días fixados (con antecendencia).	30
Obradoiro	No OBRADOIRO avaliarase a participación, o traballo en grupo, a adecuación, coherencia e cohesión lingüística e de expresión (oral e escrita), así como o correcto desenvolvemento das diversas ACTIVIDADES PRÁCTICAS deseñadas nas aulas de grupo intermedio e reducido. Algunhas destas actividades poderán ser recollidas para o seguimento e a avaliación destas aulas. En todo o caso, avisarase con antelación os días en que estas actividades teñan de ser entregadas ao profesorado.	15

## Observacións avaliación



## 1. OBSERVACIÓNS XERAIS

### 1.1. Para

superar a materia, é preciso aprobar a PROBA MIXTA ESCRITA, a PRESENTACIÓN ORAL e as ACTIVIDADES PRÁCTICAS avaliábeis do OBRADOIRO e SOLUCIÓN DE PROBLEMAS (cun mínimo de 5 puntos sobre 10)

### 1.2. Todas

as probas e actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica etc.).

### 1.3. As

actividades prácticas entregaranse unicamente na aula, en papel, nos días fixados previamente polo profesorado.

### 1.4. Aplicarase

unha penalización do 25% sobre a cualificación final de actividades se estas foren entregadas fóra de prazo sen causa xustificada. Así mesmo, se se detectar plaxio, este levará consigo o suspenso da actividade.

### 1.5. Os/As

alumnos/as que non superaren a materia en xaneiro poderán recuperala parcial ou totalmente na 2.<sup>a</sup> oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

## 2. CUALIFICACIÓN FINAL na

### 2.<sup>a</sup> OPORTUNIDADE (xullo)

#### 2.1. Os/As

estudantes que suspenderen a PROBA MIXTA ESCRITA deberán facer outra proba do mesmo tipo que a da 1.<sup>a</sup> oportunidade na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da Facultade para a 2.<sup>a</sup> oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 50% da cualificación final e será preciso obter 5 puntos sobre 10 para aprobar.

#### 2.2. Os/As

estudantes que suspenderen as ACTIVIDADES PRÁCTICAS avaliábeis (que se corresponden con OBRADOIRO e SOLUCIÓN DE PROBLEMAS), deberán realizar outras actividades substitutivas que se lles encomendaren e que constituirán o 45% da cualificación final. Para este efecto, o profesorado da materia fará públicas, xunto coas cualificacións da 1.<sup>a</sup> oportunidade, as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega etc.). Así mesmo, igual que na 1.<sup>a</sup> oportunidade, o/a alumno/a deberá ter realizado e aprobado (con 5 puntos sobre 10) todas as actividades que foren solicitadas.

#### 2.3. Os/As

estudantes que non acadaren a puntuación mínima na PRESENTACIÓN ORAL (con 5 puntos sobre 10), que supón o 5% da cualificación final, terán que defendela de novo na 2.<sup>a</sup> oportunidade. A data, a hora e o lugar de realización desta proba oral comunicárase durante a realización da PROBA MIXTA ESCRITA.

## 3. CUALIFICACIÓN DE NON

### PRESENTADO

### 3.1. En cada

oportunidade de avaliación o/a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO (NP)

se non se presentar á proba escrita e á presentación oral e, alén disto, se o

número de actividades avaliábeis presentadas for inferior ao 50%.

## 4. ALUMNADO A TEMPO

### PARCIAL CON DISPENSA ACADÉMICA

#### 4.1. O alumnado matriculado a tempo parcial

e con dispensa académica recoñecida deberá pórse en contacto co

profesorado da materia no inicio do curso para planificar, en cada situación

concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades

presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías